

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Setembro 2005

COMUNICADO

Os prezos das importacións creceron significativamente respecto aos prezos das exportacións en setembro de 2005

O índice de prezos dos bens de exportación creceu un 0,5% en setembro de 2005 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 0,5% en setembro de 2005 con respecto a setembro de 2004. Se a serie a corriximos de estacionalidade a variación interanual acada un crecemento do 0,6%.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo e os bens intermedios creceron un 0,4% e un 2,8% respectivamente. Pola contra, os prezos dos bens de equipo diminuíron un 6,8%.

O índice de prezos das importacións creceu un 7,4% en setembro de 2005 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 7,4% en setembro de 2005 con respecto a setembro de 2004. Corrixido de estacionalidade o índice de importacións creceu un 7,3% en setembro de 2005.

Por destino económico, os prezos dos bens de consumo creceron un 2,9%, os bens de equipo un 10,0% e os bens intermedios un 9,9%.


Índices de valor unitario. Setembro 2005. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	97,1	0,5%	-0,2%
Importacións/introduccións	105,0	7,4%	4,2%
Datos corrixidos de estacionalidade			
Exportacións/expedicións	95,7	0,6%	-0,2%
Importacións/introduccións	103,3	7,3%	4,2%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 1994.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es